

ct

# Smoke on the water

de  
Santiago Cortegoso

*(fragmento en galego)*

Smoke on the water  
Traxicomedia sórdida

Unha historia de sexo, drogas, rock and roll, enfermidade, violencia, prostitución, vandalismo, morte e, por suposto, de amor.

PERSONAXES:

AMPARO, 75 anos, enferma, en cadeira de rodas.

JANIS, 55 anos, bipolar.

RITCHIE, 54 anos, musicólogo politoxicómano.

ALEX, 27 anos, gigoló comprometido.

JOAN BAEZ, 55 anos, vai á misa.

*A acción transcorre na casa de AMPARO, onde tamén viven JANIS e RITCHIE, que ten no baixo unha tenda de discos de colección.*

## 1. Endorfinas.

*JANIS dálle de comer a AMPARO.*

JANIS

Amparo, a comer. Bebe un pouco de auga antes... así, moi ben, corazón. Hoxe imos repasar xuntas os estoicos, que che parece? Veña, que che fixen unha crema e boteille aceite do caro para que che saiba suave. Os estoicos preocupábanse polo xeito en que o ser humano pode acadar a felicidade, por iso son considerados os fundadores do concepto de humanismo... Ala, unha por mamá, que está morta desde hai cincuenta anos; "o ser humano é para o ser humano algo sagrado", dicía Cicerón, que foi un importante seguidor do estoicismo, ou era Séneca?... véxoo despois; anda, que estás máis guapa hoxe... defendían que se pode alcanzar a tranquilidade e a realización persoal se se renuncia aos bens materiais e ás comodidades externas; outra polo teu fillo, que é imbécil... non peches a boca. A ver, Amparo, abre a boca, por favor. Defendían que se levase unha vida centrada nos principios da razón e a virtude, de aí o concepto de ataraxia ou imperturbabilidade. A ver, corazón, un pouquiño máis... unha por Zenón, que foi o fundador do estoicismo, que foi unha superación do cinismo, que como o seu nome indica é pasar de todo, non alterarse nin por tristuras nin por alegrías, nin propias nin alleas... a que si, Amparo... veña, quietiña... faino por min... Antes gustábache ben a cenoria... polo cal debemos renunciar a praceres alleos como os cartos ou o poder... Quieta! Abre a boca... e non debemos queixarnos das inclemencias do destino... Quieta, hostia! A ver... Os estoicos dicían que hai que asumir os reveses da vida... Come para dentro... é dicir, Amparo, que hai que aguantar... estoicamente... a morte e a enfermidade son algo natural e non hai que terlles medo... come un pouco, queres morrer de fame ou que? Merda, non cuspas! Non me cuspas a comida, Amparo. Cago na vella do carallo... os epicúreos deixámoslos para despois... ímonos limpar... así, veña, outra por Aristóteles, que se bañaba cada día nun río distinto... Merda! Que non me cuspas a comida, hostia! Mira como me puxeches a camiseta. Come, hostia! (*Colle a comida na man e métella pola boca*) Traga!

*AMPARO cospe a comida.*

JANIS

Cago na gran puta que me pariu... mete para dentro. Traga!

*AMPARO revírase.*

JANIS

Non comes?

*AMPARO cospe máis comida.*

JANIS

Pois, veña! As pastillas. Se che rebenta o estómago, que che rebente.

AMPARO

Ah!

JANIS

Non queres as pastillas tampouco?

AMPARO

Mamá!

JANIS

Mamá non está.

AMPARO

Mamá!

JANIS

*(Meténdolle as pastillas na boca)* Traga!

AMPARO

Mamá!

JANIS

Traga, hostia! Traga!

*Entra ALEX.*

ALEX

Ola.

JANIS

E ti que fas aquí?

ALEX

Son Alex. Chamáchesme, non?

JANIS

Chamei, si.

AMPARO

Mamá!

ALEX

Está todo ben?

JANIS

Toma as pastillas, Amparo.

ALEX  
Queres que volva noutro momento?

JANIS  
Non, non.

ALEX  
É para ti?

JANIS  
O que?

ALEX  
O servizo.

JANIS  
É.

ALEX  
Xa.

JANIS  
Ti pensas que a vella está para esas cousas?

ALEX  
Non, claro.

*JANIS límpalle a cara a AMPARO.*

ALEX  
Nunca me decatara de que vivía alguén enriba da tenda de discos.

JANIS  
Non?

ALEX  
Non. E iso que paso por esta praza sempre que veño ao centro.

JANIS  
Non vives no centro, logo?

ALEX  
Non.

JANIS  
Eu si, pero estou claramente na periferia.

AMPARO

Mamá!

JANIS

Cala, Amparo, xa pasou.

ALEX

Se queres saio a dar un paseo e volvo máis tarde.

JANIS

Non.

ALEX

Espero un momento?

JANIS

Non, xa está.

ALEX

Queres que o fagamos aquí?

JANIS

Onde queiras.

ALEX

E a vella?

JANIS

Tranquilo, non lle vai parecer mal.

ALEX

Estás ben?

JANIS

Estou. É a primeira vez que chamo a alguén coma ti, sabes?

ALEX

Non te preocupes. Eu póñocho fácil.

JANIS

Xa.

AMPARO

Mamá!

JANIS

Teño que calmar a Amparo.

ALEX  
Lévache moito?

JANIS  
Non. Pásame esa xiringa.

ALEX  
O que?

JANIS  
Esa xiringa que está aí.

ALEX  
Ah! Toma.

*JANIS pica a vella nun brazo.*

ALEX  
Es enfermeira?

JANIS  
Non. Pero podería.

ALEX  
Eu son máis de xogar aos médicos.

JANIS  
(*Despois da picada*) Mira, isto vai ter pouco de sexual, vale? Non te chamei porque estea saída. Vai ser algo terapéutico. Necesito liberar endorfinas, máis nada.

ALEX  
Coma todas.

JANIS  
Ademais é un puro cálculo económico. Fun a ioga dous anos, a pilates dous e medio, da psicanálise aburrínme xa nin me acordo cando, na Gestalt non aguantei nin un mes, botáronme antes, pero metínme en Reiki. Tamén pasei por risoterapia, corpo-conciencia, aromaterapia, papiroflexia... Total: unha chea de cartos sen ningún resultado. Ata que me metín en teatro do oprimido.

ALEX  
Do oprimido?

JANIS  
Si, unha especie de psicodrama.

ALEX  
Que faciades?

JANIS  
Onde?

ALEX  
Nas clases.

JANIS  
Nin me lembro.

ALEX  
Entón?

JANIS  
Enleeime cun compañeiro. Tivemos unhas noites de paixón...

ALEX  
Fixéstesvos mozos?

JANIS  
Non.

ALEX  
Non che gustaba?

JANIS  
Bah. Pero por primeira vez en moitos anos estiven máis dun mes seguido sen pensar en suicidarme.

ALEX  
Non seguides xuntos?

JANIS  
Non.

ALEX  
Por que?

JANIS  
Suicidouse el.

ALEX  
Que putada.

JANIS  
Dicía que o noso non podía continuar, porque cando nos deitabamos lle viña a imaxe dunha moza que tivera que lle morrera nun accidente de bicicleta: caera polas escaleiras da casa.

AMPARO  
(*Debilmente*) Mamá!

ALEX  
Outra vez.

JANIS  
Foi o último cartucho.

*AMPARO queda durmida.  
Pausa.*

ALEX  
Podemos seguir falando se queres, pero cobro por horas.

JANIS  
Vale. Como empezamos?

ALEX  
Paréceche ben espirnos?

JANIS  
Non é mala idea.

ALEX  
Empezo eu.

## 2. Time is on my side.

*JANIS estuda. Entra RITCHIE.*

RITCHIE  
Que.

JANIS  
Outro que.

RITCHIE  
Ola, mamá.

JANIS  
Chamaron do banco.

*Silencio.*

JANIS  
Querían falar contigo.

RITCHIE  
A ver se vou mañá por alí.

*Silencio.*

JANIS  
Hai algún problema?

*Silencio.*

RITCHIE  
Mamá que?

JANIS  
Igual.

RITCHIE  
Falou algo?

JANIS  
O de sempre.

RITCHIE  
Ola, Amparo! Como estás?

*AMPARO fala pero non se lle oe.*

RITCHIE  
*(Achégase co oído á boca de AMPARO)* Como?

*AMPARO trata de falar máis alto.*

RITCHIE  
O Alto Volta? Claro, mamá... Como?... Cambiou de nome, si... Bah! *(Apártase de AMPARO)* Que paranoia con que Alto Volta cambiou de nome. Onde carallo está iso?

*Silencio.*

RITCHIE  
Xa están os balcóns cheos de pallasos.

JANIS  
Que pallasos?

RITCHIE

Eses encarnados que soben por unha escaleira.

JANIS

Papá Noel?

RITCHIE

E aínda falta un mes para o Nadal.

JANIS

Non nos queda nada...

*Pausa.*

RITCHIE

Podíamos colgar nós un pallaso deses, pero co reno dándolle polo cu. Que che parece?

*Silencio.*

RITCHIE

Fúchesme alí?

JANIS

A onde?

RITCHIE

A pillar.

JANIS

Non estaba.

RITCHIE

O rulo?

JANIS

Seica foi a Madrid.

RITCHIE

O rulo?

JANIS

Si.

RITCHIE

A Madrid?

JANIS

A Madrid, si.

RITCHIE

Non sabe chegar.

JANIS

Que me andas a fedellar no bolso?

RITCHIE

Estoulle buscando un sentido á existencia.

JANIS

Quita de aí.

RITCHIE

Non fuches.

JANIS

Fun.

RITCHIE

Estás por amargarme?

JANIS

Por que non vas ti?

RITCHIE

Non me falo con el, xa o sabes.

JANIS

Que puto morro!

RITCHIE

Retireille a palabra.

JANIS

Pois amañádevos.

RITCHIE

Por que non me vas?

JANIS

Paso de discutir contigo.

RITCHIE

Estás preocupada pola miña saúde?

JANIS

Non te me poñas serio a estas alturas.

RITCHIE

Como non me vou poñer serio?

JANIS

Por favor, non o fagas.

RITCHIE

Por que?

JANIS

Porque me fas graza.

RITCHIE

Como?

JANIS

Que me parto de risa cando te pos tan serio.

RITCHIE

E a pasta que che dei?

JANIS

Non a teño.

RITCHIE

Que fixeches?

JANIS

Gasteina.

RITCHIE

En que?

JANIS

No que me deu a gana.

RITCHIE

Para un favor que che pido... que é baixar cinco minutos...

*JANIS prepárase para marchar.*

RITCHIE

Estou sen material. Desde que me levantei pola mañá non fumei nin un porro. Vou empezar a pensar con sobriedade, e non me apetece.

JANIS

A ver o que sae de aí.

RITCHIE

Como mañá non teña polo menos algo de "maría", non abro a tenda, porque igual me dá por "fostiar" a todo cristo que se me poña diante. Vai facendo aí un cartel: "Cerrado por desabastecemento".

JANIS

Chamou a nena.

RITCHIE

Antes un marulo... non se me pon a regatear por un vinilo de Led Zeppelin?... De colección! Que llo deixara por cincuenta euros. Cincuenta euros, oíches? Que cabrón! Case lle parto os fociños.

JANIS

Chamou a nena.

RITCHIE

Lola?

JANIS

Si.

RITCHIE

E que?

JANIS

Vai vir.

RITCHIE

Polo Nadal?

JANIS

Fai 25 anos.

RITCHIE

Xa?

JANIS

Parece mentira, a que si?

RITCHIE

Hostia!

*Silencio.*

JANIS

O tempo pasa.

RITCHIE

O tempo... Que cabrón! Time is on my side.

JANIS

Yes, it is.

RITCHIE

Aínda escoita cantautores?

JANIS

Quere que celebremos as vodas de prata.

RITCHIE

O que?

JANIS

25 anos.

RITCHIE

Que lle dixeches?

JANIS

Que lle ía dicir?

RITCHIE

Unha merda.

JANIS

Dillo ti.

RITCHIE

Non me pillades máis.

JANIS

Pensas que a min me apetece?

RITCHIE

Estou ata o carallo de montar números para disimular...

JANIS

Xa podes ir facendo a lista de invitados.

RITCHIE

Lista?

JANIS

Tócame saír.

RITCHIE

Nin falar do tema.

*JANIS marcha.*